



CONCELLERÍA
educación, memoria histórica,
innovación, industria e emprego

TI ELIXES! —

XXVIII XORNADAS DE ORIENTACIÓN
UNIVERSITARIA E PROFESIONAL
(XOUP)

O Servizo Municipal de Educación organiza cada ano as Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional (XOUP) destinadas a dar a coñecer os estudos universitarios impartidos nas tres universidades públicas de Galicia (UDC, USC e UVIGO) así como a oferta dos ciclos de Formación Profesional que se imparten nos centros públicos da cidade da Coruña.

Debido á situación xerada pola Covid19 vémonos na obriga de modificar as XOUP para adaptarnos á realidade actual. Así, en relación coa presentación dos graos universitarios compartimos na web de educación a información facilitada polas Universidades sobre as accións telemáticas a desenvolver para a presentación da súa oferta. No que atinxe ás visitas aos centros que imparten estudos de Formación Profesional realizaremos, na maioría dos casos, conexións por videoconferencia para que cada centro presente os ciclos que imparte.

PRESENTACIÓNS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA: UDC, USC, UVIGO

Dado que este curso escolar non podemos desenvolver as XOUP no Centro Universitario de Riazor (CUR), optamos por difundir a información facilitada polas Universidades en relación coa presentación dos seus estudos de grao na web municipal de educación (www.coruna.gal/educacion).

A medida que nos faciliten nova información, irémola actualizando.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



PRESENTACIÓNS DOS CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL (13, 14 e 15 de abril de 2021)

Unha vez consultados os centros que participaron nas Xornadas de Orientación durante as últimas edicións, elaboramos un calendario de presentación dos ciclos que imparten na actualidade. Resaltar a boa acollida de todos os centros en relación con esta iniciativa e indicar que os que non participan é por motivos organizativos que lles impiden adaptarse a esta proposta neste momento concreto.

O modelo deste curso basease na presentación mediante videoconferencia dos ciclos formativos. As persoas interesadas en participar terán que facer unha solicitude de inscrición e a posteriori remitirémolles un enlace para acceder á conexión.

O **Centro Municipal de Información Xuvenil (CMIX)** colaborará atendendo as consultas realizadas, polas persoas inscritas ás XOUP, a través do correo cmix@coruna.es ou mediante o WhatsApp 606 362 366.

DESCRIPCIÓN DAS SESIÓNS, CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN E CALENDARIO:

O persoal docente de cada centro presentará os ciclos ofertados. As sesións durarán entre 60 e 90 minutos, incluíndo un período para facer consultas.

As **persoas destinatarias** son estudantes de: bacharelato, 4º de ESO e da ESA, con prioridade para os matriculados en centros da cidade. Tamén poderán inscribirse outras persoas interesadas como docentes ou proxenitores.

No caso de existir moita demanda de prazas, e se houbera que limitar o acceso a algunha das sesións, os criterios a aplicar para otorgar as prazas, por orde de prioridade serían: alumnado de bacharelato, alumnado de 4º ESO e da ESA, profesionais de centros e proxenitores.

Apertura do prazo de inscrición: do 23 de marzo ao 4 de abril.

Este ano a inscrición faina directamente a persoa interesada en acudir á charla. Os datos requeridos son: nome, DNI, centro de procedencia e nivel que se está a cursar, número de teléfono e un enderezo electrónico para poder enviarlle o enlace á sesión.



Envío do enlace para conectarse: do 6 ao 9 de abril as persoas que se inscribiron recibirán, no correo electrónico facilitado na ficha, o enlace de conexión á videoconferencia. Na súa maioría faranse por webex ou teams.

Presentación dos ciclos polos centros. O 13, 14 e 15 de abril presentaranse os ciclos medios e superiores de formación profesional segundo o seguinte programa:





PROGRAMA DE PRESENTACIÓN DOS CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Data	Hora visita	Centro FP	Especialidade FP	TIPO
13/04/2021	16:00	IES A Sardiñeira	CM Operacións de laboratorio	Dixital
			CS Laboratorio de análise e control da calidade	Dixital
			CS Química industrial	Dixital
13/04/2021	17:00	IES Ramón Menendez Pidal	CM Actividades comerciais	Dixital
			CS Comercio internacional	Dixital
			CS Xestión de vendas e espazos comerciais	Dixital
14/04/2021	16:30	CIFP Ánxel Casal	CS Documentación sanitaria	Dixital
			CS Química e Saúde ambiental	Dixital
			CS Dietética	Dixital
			CS AudioloXía protésica	Dixital
14/04/2021	16:45	CIFP Ánxel Casal	CM Atención a persoas en situación de dependencia	Dixital
			CS Animación sociocultural e turística	Dixital
			CS Educación infantil	Dixital
			CS Integración social	Dixital
			CS Mediación comunicativa	Dixital
14/04/2021	17:00	CIFP Ánxel Casal	CM Coidados auxiliares de enfermaría	Dixital
			CM Farmacia e parafarmacia	Dixital
			CM Emerxencias sanitarias	Dixital
14/04/2021	17:15	CIFP Ánxel Casal	CS Hixiene bucodental	Dixital
			CS Próteses dentais	Dixital
			CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	Dixital
			CS Radioterapia e dosimetría	Dixital
			CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Dixital
			CS Laboratorio clínico e biomédico	Dixital
14/04/2021	17:30	CIFP Imaxe e Son	CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe	Dixital
			CS Son para audiovisuais e espectáculos	Dixital
			CS Producción de audiovisuais e espectáculos	Dixital
			CS Realizacións de proxectos audiovisuais e espectáculos	Dixital
			CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	Dixital





Data	Hora visita	Centro FP	Especialidade FP	TIPO
15/04/2021	16:00	EASD Pablo Picasso	CS Fotografía	Dixital
			CS Ilustración	Dixital
			CS Dourado, prateado e policromía	Dixital
			CS Escultura aplicada ao espectáculo	Dixital
			CS Taller cerámico I e II (modular)	Dixital
			CS Taller de madeira	Dixital
15/04/2021	17:00	IES Urbano Lugo	CS Sistemas de telecomunicación e informáticos	In situ
			CS Automatización e robótica industrial	In situ
			CS Sistemas electrotécnicos e automatizados	In situ
			CM Instalacións de telecomunicacións	In situ
			CS Mantemento electrónico	In situ
			CM Mantemento electromecánico	In situ

Nota: no caso das visitas presenciais ao IES Urbano Lugo, as persoas solicitantes, para acceder ao centro, deberán de presentar o xustificante da solicitude de inscrición xunto co seu DNI.

Para máis información poden contactar co Servizo Municipal de Educación a través do correo electrónico educacion@coruna.es ou chamando ao 981 18 42 00 ext. 12047.

